



**ASUNTO: DESESTIMACION RECURSO DE REPOSICIÓN DATA PRIMEIRO EXERCICIO POLICIA LOCAL**

En relación co escrito presentado por ANTONIO CARBAJO HERNÁNDEZ, con data 09/02/2021, con base nos seguintes:

**Feitos**

1º.- Por resolución da Alcaldía de data 09/02/2021 procedeuse á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo convocado polo Concello de Monforte de Lemos para a provisión, en propiedade, de tres prazas de axente da Policía Local.

2º.- Na citada resolución sinalábase como data de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo o día 26 de febreiro de 2021, ás 10.00 horas.

3º.- Con data 9 de febreiro de 2021, ANTONIO CARBAJO HERNÁNDEZ , presenta solicitude contra a Resolución citada no apartado anterior no que, en síntese manifesta a improcedencia da convocatoria para o citado día 26 de febreiro de 2021, do primeiro exercicio, xa que ese mesmo a AGASP, convocou para a realización do primeiro exercicio do procedemento selectivo, na convocatoria unitaria. Tamen solicita ser admitido alegando que o certificado médico aportado por el se axusta ás bases da convocatoria.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Primeira.- O principio de autonomía das entidades locais está recollido no art. 140 da Constitución Española de 1978 que establece que: “A Constitución garantiza a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.

Segunda.- Na determinación da data de exame respectouse o establecido na normativa de aplicación, en concreto o disposto para eses procesos no Artigo 32. Principios do sistema de selección da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, no art. 15 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e, en fin, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Terceira.- A determinación da data de exame non vulnera os principios básicos de acceso ao emprego público recolleitos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Cuarta.- En ningún destes textos normativos establécese limitación algunha en canto á determinación do día e da hora a celebrar os exames para o ingreso na función pública, fixándose dita data, unicamente, en función das necesidades e disponibilidades do Concello de Monforte de Lemos, respectándose, en todo caso, os dereitos dos opositores.

CSV: 07E50006C2AD007Z5Q0R4C1D4



DOCUMENTO  
DIGITALMENTE  
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006C2AD007Z5Q0R4C1D4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DECRETO: 2021000245
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 19/02/2021	JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 19/02/2021	Fecha: 19/02/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/02/2021 13:28:58		Hora: 13:28
		Persona 76561868C





Quinta.- O artigo 11 do decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais dispón sobre a “relación de aspirantes admitidos e excluídos” que:

*“1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, y despois de comprobadas as mesmas, o órgano convocante ditará resolución pola que se declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión.*

*2. Esta resolución deberá facerse pública no lugar que se determine nas bases tendo en conta o apartado c) do artigo anterior, e tamén no BOP indicando con este caso o lugar no que se podan atopar as listas expostas ao coñecemento público, e concedendo dez días hábiles de prazo para que os excluídos/as podan subsanar erros e presentar nova documentación.*

*3. Transcorrido o prazo anterior, O ÓRGANO CONVOCANTE, ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, fixando o lugar e a data de comezo das probas”.*

Por todo o exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 apartado a da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local e o art. 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

Desestimar ó recurso de reposición presentado por don ANTONIO CARBAJO HERNÁNDEZ, contra o Decreto da Alcaldía de data 09/02/2021, polo que se procedeu á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e determinación da data, hora e lugar de celebración das probas selectivas para a provisión, en propiedade de tres prazas de axentes da policía local de Concello de Monforte de Lemos.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006C2AE0008Z9K1C4W9C1

